




# RÍO BARRAGÁN E CARBALLEIRAS

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 17 km  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 5 horas

O río Barragán é un afluente do Oitavén que nace na aba oeste do Coto Eiras e percorre terras dos concellos de Mondariz, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes. O último tramo do seu curso está afectado polo encoro de Eiras, onde se xunta co Oitavén.



O seu val acolle unha das fragas naturais mellor conservadas da provincia de Pontevedra, dunha gran biodiversidade, onde se mesturan as especies propias do bosque atlántico coas de ribeira. Nesta camiñada podemos gozar, ademais, de todas as manifestacións da auga, da calma, nos moitos remansos que se forman nos atrancos, e das carreiras e o son, nos rápidos e as fervezas; e tamén de mostras culturais: o castro da Cidade, muíños, pontellas, un acueduto...

Catro comunidades de montes (Traspielas, Calvos, Moscoso e Xunqueiras) dos concellos de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes habilitaron unha ruta de 17 quilómetros que percorre a fraga e a beira do río Barragán, unha camiñada circular de dificultade media-baixa (PR-G 164), na que ademais restauraron distintos elementos do patrimonio etnográfico e cultural de zona, como a "Casa da Raiña", un acueduto construído a finais do século XVIII, oitos muíños de auga, varios pasos, e a antiga Ponte de Pau en Freaza. A ruta pódese facer completa (circular), seguindo a sinalización, ou por partes. Calquera época do ano é boa, aínda que no outono ofrece as maiores expresións de luz e cor.

## COMO CHEGAR:

Para facela completa o mellor lugar de acceso e o torreiro de Xunqueiras, onde hai espazo para aparcas os vehículos. Faise o percorrido cara ao sur, primeiro por un camiño pavimentado, logo por unha pista forestal que cara ao final descende bruscamente ao río. Seguimos a camiñada pola beira, por sendeiros e levadas e cruzámolo por unha ponte de madeira, para subir a Freaza, desde onde se continúa polo curso alto do río entre paisaxes de montaña ata o remate na Chas de Queirón, nos lindes entre os concellos de Mondariz e Fornelos de Montes, onde conflúen os dous regueiros máis importantes que lle dan vida ao río. Dende aquí comezamos o retorno á fraga, afastándonos do río durante un bo treito, por unha pista forestal pola que volvemos á parte alta de Freaza novamente. Desde alí baixamos de novo á fraga e ao río que poderemos cruzar máis adiante nunha ponte de pedra. Uns pasos de pedra que atoparemos, un pouco antes da confluencia dun regato, serven de enlace á derivación do sendeiro para achegarnos, a uns trescentos metros, á ferveza do Pozo Machado, no río Pielas e, un pouco máis adiante, ao muíño de Piñeiro, restaurado na súa totalidade. Volvendo ao río Barragán continuamos pola súa beira ata chegar á estrada de Moscoso a Pardalongas que cruza o río, aquí pasamos a ponte e continuamos a ruta pola outra beira; máis adiante atoparemos outra pontella na que volvemos a cruzar para a marxe esquerda, moi preto xa da zona encorada, e un pouco máis adiante o camiño sepárase do río e inicia unha subida bastante pronunciada por entre os carballos para levarnos diante da sorprendente porta acueducto de entrada a Cidade, os restos dun asentamento medieval que aproveitou a situación e os materiais dun antigo castro, cruzando o asentamento chegamos ao punto final da ruta contemplando unha fermosa panorámica sobre o encoro de Eiras e os seus arredores. Desde aquí volvemos cara a Moscoso e de alí a Xunqueiras.

Para facer a ruta por partes podemos escoller varios puntos de arranque: Freaza, a ponte da estrada de Moscoso a Pardalongas ou a estrada de Moscoso a Oitavén, xusto desde debaixo do monte da Cidade.







Interior da carballeira de Barragán.



Muíño no río Pielas

**Fervenzas no rego Pielas.** Seguindo a senda da Fraga do Barragán río arriba, ao chegar ao punto onde desemboca o rego de Pielas crúzase o río polos pasos (está indicado) e remóntase o rego. Un pouco máis arriba crúzase. Alí mesmo un carreiro curto e dificultoso leva á fervenza da parte baixa. Volvemos ao carreiro principal e seguimos subindo por unha forte encosta en pedra; ao remate da mesma un carreiro á dereira lévanos ao Pozo Machado. Tamén se pode acceder desde Pardalongas facendo a ruta ao muíño do Piñeiro e seguir baixando polo sendeiro das Greas.



Casa da Raiña, no monte da Cidade



Un dos moitos atrancos do río.



Acueduto no monte da Cidade